

EXEMPLO DE ANÁLISE DA ESTRUCTURA E COMENTARIO

2 A sociedade hoxe está a percibir multitude de estímulos, tantos que é imposible a súa asimilación con sentido crítico e reflexivo. No entanto, non se inclúen de xeito preferente ou, cando menos, en igualdade de condicións, os elementos culturais, nomeadamente os galegos.

4 Coñécese antes calquera figura mediocre e incluso tóxica para a formación do individuo –e, por extensión, da sociedade– que unha referente da escrita, da música, da ciencia, das artes plásticas, do teatro, etc. Cultívase o valor da simple aparencia física predeterminada por un canon homoxéneo máis do que a capacidade intelectual. Refórzase o valor do acceso ao cartón rápido antes do que a cultura do esforzo e o traballo progresivo cara á cultura do coñecemento. E todo isto con fortes investimentos económicos para inventar un determinado mercado superficial e carente de principios.

10 Que a infancia e a mocidade soñe con ser futbolista ou modelo moi maioritariamente non me parece o mellor termóstato da boa saúde social. Que porcentaxe da cidadanía soubo –e foi quen de o valorar– que o eminente científico galego Ángel Carracedo acaba de recibir o premio nacional polo seu determinante labor desenvolto ao redor da investigación xenética? Quen foi María Wonenburger?

14 Que presenza ten a cultura galega nas radios, nas televisións, na internet, no cinema, no teatro, nos foros públicos, na prensa impresa e dixital, nas revistas? Porque xa sabemos que non se valora o que non se coñece.

Mercedes Queixas en *Palavra Comum* (09/10/2015)

EXEMPLO DUN COMENTARIO CRÍTICO

1. A autora móstrase crítica co feito de que a infancia e a mocidade soñe con ser futbolista ou modelo moi maioritariamente. Redacta un texto expoñendo de maneira argumentada o teu acordo ou desacordo co seu punto de vista. (Extensión aprox. 200-250 palabras). [3 puntos]

Na sociedade actual produciuse un cambio significativo nos valores que esta lles transmite ás xeracións máis novas. A cultura do esforzo e da formación persoal vese substituída pola suntuosidade e superficialidade, tal e como se desprende das palabras da autora.

Os medios de comunicación bombardean as nenas e nenos coa sona que rodea os grandes futbolistas e os luxos de que viven rodeados. Tamén as modelos, grazas a manter unha boa figura, mesmo poñendo en risco a súa saúde, enchen as páxinas das revistas de máis tirada e acaban converténdose en prototipos de beleza que moitas rapazas tratan de imitar. Cómpre pór atención na cuestión de xénero que se sitúa detrás de todo isto: eles, futbolistas; elas, modelos. É preciso crear novos referentes que escapen de concepcións sexistas.

A este bombardeo constante ó que se ven sometidos nenos e nenas hai que sumar o labor negativo emprendido por algunhas familias, que priorizan o rendemento deportivo dos seus fillos fronte ó seu coñecemento. Para escapar da cultura da superficialidade, hai que educar persoas integralmente formadas, que ademais do físico valoren e cultiven o intelecto. Por iso, o feito de que figuras coma Cristiano Ronaldo sexan un modelo a seguir para a xente moza non é positivo.

En definitiva, concordo coa autora en que debemos reconducir o modelo cultural que lles estamos a transmitir ás novas xeracións. Para iso é preciso o esforzo dos diferentes sectores da sociedade, empezando pola educación. Mais, sobre todo, é necesario o compromiso dos medios de comunicación.

EXEMPLO DE COMO SE ANALIZA A ESTRUCTURA DUN TEXTO

1. Analiza a estrutura do texto.

INDICACIÓNS

Unha fórmula para indicar a estrutura dun texto pode ser a seguinte:

- 1º- Indicamos as partes ou apartados en que podemos dividir o texto de forma clara e breve, por exemplo: “*Podemos estruturar o texto en tres partes ben definidas tendo en conta o contido*”
- 2º- Sinalamos cada un dos apartados, indicando entre parénteses os parágrafos, as liñas ou os versos en que aparecen, e expresamos brevemente o contido de cada un.

Por exemplo, nun texto argumentativo indicárase así:

1. Presentación da tese (ata a liña X): breve resumo do contido
2. Argumentación (liña X a X): indicamos o contido brevemente.
3. Conclusión (liña X e X): indicamos o contido brevemente.

Podemos estruturar este texto en tres partes ben diferenciadas tendo en conta o seu contido:

- *Presentación (primeiro parágrafo, liñas 1-3): a autora introduce a tese que vai tratar, sinalando que hoxe en día é difícil sermos persoas críticas pola cantidade de estímulos que recibimos e que a cultura galega está pouco presente dentro destes estímulos.*
- *Corpo argumentativo (2º e 3º parágrafo, liñas 4-13): Mercedes Queixas expón os diferentes argumentos que apoian a súa tese. Entre outras cuestións, sinala a falta de referentes cultos e o descoñecemento da cultura xeral. Critica a importancia da aparencia e do inmediato, a tendencia ó homoxéneo e as diferenzas de xénero entre nenos e nenas.*
- *Conclusión (último parágrafo, liñas 14-16): a autora incide novamente na tese en relación cos argumentos que vén de citar, sinalando a falta de coñecemento da nosa cultura pola súa falta de presenza no ámbito público.*